




TUTORIAL PARA O USO DA RADIO A VOZ DA MATA



1.- Prender o botón para acceder ao sistema.

2.- Acender o ordenador.



3.- Esta é a mesa de mesturas, hai que buscar na parte de atrás os dous botóns de acendido. Premer os dous botóns. Iluminarase a mesa de mesturas. Os botóns da mesa están preparados para facer unha gravación tipo. Non mover ningún botón dos micros.


4.- As canles dos micros están marcadas cunhas pegatinas que corresponden coa cor dos micros. O da esquerda é o do micro de control. Só acender os micros que se vaian usar. As canles da música e da voz pódense regular.



5.- Entramos no ordenador a través da icona CPI O Rosal.



6.- O contrasinal é cpiorosal







7.- Esta é a pantalla principal. Nela hai unha carpeta con música que non ten dereitos de autor e que se pode utilizar sen problemas nas nosas gravacións. Podedes traer a vosa propia música nun pen.

8.- Para entrar e escoller a música hai que premer na icona da carpeta Música.



9.- Escollemos a música e abrírase unha ventá que deixaremos reservada en pausa para cando comecemos a gravación.



10.- Abrimos o Audacity que é o programa que nos permite gravar. É moi intuitivo, non é preciso ter uns coñecementos técnicos elevados.



11.- O que mellor funciona é ter as dúas ventás abertas, para iso temos unha pantalla grande.





12.- Comezamos a gravación premendo no botón vermello. Para parar prememos no botón cadrado negro.



13.- As iconas son moi doadas. A frecha verde é para reproducir a gravación se, unha vez rematada, queredes escoitar como quedou.


14.- Hai que gardar a gravación. Facémolo na esquerda. Realizamos a seguinte secuencia:


Ficheiro- Export- Export as MP3




15.- Abrirase unha ventá e prememos en aceptar.

16.- Hai que gardar o programa gravado no ordenador. Dende equipo buscamos a icona que pon radio. Hai que gardalo aí.






17.- Dentro de radio hai que abrir para buscar a carpeta do curso no que estamos.



18.- Prememos na carpeta e gardamos a gravación. Hai que nomear o programa que fagamos.

É importante gravalo nun pincho tamén, para poder subilo despois na plataforma IVOOX, noutro momento.

19.- Unha vez rematado este proceso, sairá unha pregunta, respondedes que non.



20.- Para rematar:

- Sacades o pincho, apagades o ordenador, a mesa de mesturas e o botón vermello da toma xeral.

QUE GRAVEDES BOS PROGRAMAS!

A GOZAR COA VOZ DA MATA!